

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CAMBRE E  
A ASOCIACIÓN SEMENTEIRA CAMBRE PARA A PROMOCIÓN MUSICAL, ANO 2022**

Á data da sinatura dixital

Dunha parte, Óscar Antonio García Patiño, Alcalde do Concello de Cambre, en nome e representación do Concello de acordo co disposto no artigo 21.1.b ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, asistido da Secretaria Xeral do Concello, dona Pilar María Pastor Novo, no exercicio da fe pública de acordo co disposto no artigo 3.2 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Doutra parte, dona María Beatriz Riveiro Barciela, con DNI número \_\_\_\_\_ actuando en nome e representación da asociación Sementeria Cambre, co CIF nº G-15072606 e domicilio en O Souto nº 8 baixo-15181 Sigrás-Cambre. A facultade de representación derívase do nomeamento para suplir no cargo de Presidente e ata a vindeira reunión da Asemblea xeral de socios outorgado pola Xunta Directiva en data 17 de novembro de 2022.

Logo da manifestación da Sra. Riveiro Barciela da subsistencia do nomeamento para o cargo e das facultades das que fai uso, as partes participantes recoñécense mutuamente capacidade legal para o outorgamento deste convenio, e

**EXPOÑEN**

1.- O Concello de Cambre ten competencias na promoción da cultura, conforme se estipula no artigo 25.2 apartado m) da Lei 7/1985 do 2 de abril, de bases de réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local; e no artigo 80.2 apartado n) da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

2.- A entidade sen ánimo de lucro Sementeira Cambre constituída no ano 1978 e que consta inscrita no Rexistro Municipal de Entidades Veciñais de Cambre por Resolución de Alcaldía de data 20/08/1993, ven desenvolvendo un labor educativa no campo da formación musical e de promoción de grupos musicais afeccionados, dirixida aos escolares e mozos do Concello de Cambre e outros limítrofes. Se ben durante os seus primeiros anos a súa actividade centrouse na música e o baile tradicional galego, na actualidade está a funcionar como escola de música, proba deste labor docente e de promoción de grupos musicais afeccionados é a existencia de distintas formacións musicais, sendo a máis salientable a banda de música "Sementeira".

3.- O Concello de Cambre carece de persoal e medios materiais necesarios para abarcar e fomentar entre a poboación, as distintas manifestacións culturais.

4.- A música é unha manifestación cultural de primeira orde e un recurso importante para o desenvolvemento persoal, profesional e social da mocidade e da poboación en xeral; a formación musical e a práctica grupal favorece a consecución destes obxectivos de desenvolvemento persoal e comunitario, e así mesmo, as iniciativas culturais que promove a entidade complementan a programación cultural municipal.

5.- A entidade declara neste acto, encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias, fiscais e coa seguridade social que se derivan da súa actividade.

6.- No orzamento municipal aprobado para o ano 2022 figura consignada unha subvención nominativa na aplicación 334 48901 a prol da entidade.

Sobre a base do exposto, a Área de Cultura, Deportes e Xuventude considera necesaria a formalización dun convenio de colaboración, para que mediante a coordinación dos recursos e esforzos das partes asinantes se promova a formación musical e a participación en agrupacións artísticas entre a veciñanza.

Pola secretaria actuante advírtese ás partes do informado na nota informativa de Secretaría 72/2022, do 30 de decembro de 2022, verbo da procedencia de poñer fin ao uso en precario da Escola de Música por parte da Asociación Sementeira Cambre e da procedencia de licitar o servizo e, polo tanto, do seu criterio desfavorable á concesión da subvención directa á dita asociación.

En uso da súa capacidade, ambas partes acordan subscribir un convenio de colaboración conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA: COMPROMISOS DA ASOCIACIÓN SEMENTEIRA CAMBRE**

A asociación adquire os seguintes compromisos, sempre que así o permitan as condicións sociosanitarias dictadas en cada momento polas autoridades competentes:

1.- Prestar, ao longo do ano 2022, un servizo de formación musical teórico - práctico á poboación do municipio, co persoal directamente dependente da entidade, a través da escola de música. O ensino teórico - práctico concretarase, cando menos, nos materias formativas e nos seguintes instrumentos musicais ou familias de instrumentos:

- instrumentos de vento - metal
- instrumentos de vento - madeira
- instrumentos de corda e percusión: piano, guitarra (clásica, eléctrica e baixo eléctrico)
- instrumentos tradicionais: gaita, percusión,
- Baile tradicional galego
- Música en familia e Música e movemento
- Linguaxe musical
- Outras materias complementarias: informática musical
- Conxuntos corais e formacións instrumentais

2.- Promover a actividade da escola de música, mediante a organización de audicións do alumnado, individuais e grupais, na propia instalación ou noutra instalación que se determine, e calquera outro acto cultural con estes obxectivos.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 18/01/2023 09:35:00) , MARIA BEATRIZ RIVEIRO BARCIELA (FECHA: 18/01/2023 14:47:00) , Pilar María Pastor Novo (FECHA: 19/01/2023 08:43:00)  
Versión imprimible

CVD: U9WG02M8+efizXSt0M7U  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3.- Participar nos actos e programas que por medio da Concellería de Cultura se lles soliciten. Poderán solicitarse entre 6 e 8 concertos neste ano, con calquera das agrupacións da escola: a banda de música, a banda xuvenil, o grupo de música tradicional ou a agrupación coral. Consensuarase coa entidade a agrupación máis axeitada e dispoñible en función da natureza do acto cultural previsto. Sen prexuízo de poder solicitar calquera outro acto/s a maiores para algún evento extraordinario. En calquera dos casos as datas de celebración serán comunicadas cunha antelación mínima de 15 días.

4.- Estimular a formación de novos grupos musicais para a práctica instrumental e apoiar os xa existentes, facilitando a relación entre actuais e antigos alumnos, de tal forma que se manteña o nexo de relación destes coa escola, por medio da súa participación nos seus grupos afeccionados.

5.- Contratar o persoal necesario para o cumprimento de todos os compromisos sinalados neste convenio. Este persoal non terá vinculación laboral ou profesional ningunha co Concello de Cambre.

6.- Dotar a todos os alumnos e profesores da escola, así como aos compoñentes da Banda de música e demais grupos afeccionados, dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

7.- O profesorado, o alumnado, os participantes nas distintas agrupacións e outro persoal da escola, haberán de dotarse das medidas de protección e prevención individual e colectiva que se poideran requirir en calquera momento polas autoridades competentes.

8.- Destinar os fondos económicos recibidos do Concello a financiar os seguintes gastos correntes da escola de Música e das respectivas agrupacións musicais, así como calquera concepto de gasto relacionado coa adopción de medidas de protección e prevención individual e colectiva para o alumnado, profesorado e outro persoal que acceda a escola de música.

Considéranse gastos subvencionables os gastos de persoal docente e administrativo, os gastos das actividades, tales como o material didáctico e complementario, en calquera dos casos explicitamente detallado así como para a materia didáctica destinada, seguros, gastos de desprazamento etc.; e os gastos xerais de oficina, gastos mantemento da páxina web e correo electrónico, teléfono, correos, material funxible e de arquivo, etc, e calquera outro gasto que redunde en garantir unha maior seguridade dos seus ocupantes ou da instalación municipal (hidroxel, papeleiras con pedal, panos desbotables, paneis informativos, mascarillas etc).

Non serán obxecto de subvención os gastos financeiros, os gastos de atencións protocolarias e os gastos de alimentación; estes últimos salvo que estean relacionados co avituallamento dalgunha das agrupacións artísticas da escola, cando realice algunha actuación fóra do municipio e se xustifique ese gasto.

9.- Presentar os documentos acreditativos da realización dos compromisos do convenio e da aplicación dos fondos recibidos mediante a presentación:

9.1 Logo da sinatura do convenio, deberán presentar:

a) Orixinais de facturas e documentos válidos para acreditar o gasto, que respondan á natureza da actividade subvencionada, por importe, cando menos, da contribución a percibir deste

Concello, en concepto de primeira achega, acompañadas dun certificado da relación clasificada dos xustificantes de gastos presentados.

Coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativos común das administracións públicas (LPAC) a entidade estará obrigada a relacionarse a través de medios electrónicos co concello de Cambre para a realización de calquera trámite do procedemento administrativo. No caso de que trate de presentar unha solicitude, escrito ou documentación en formato papel, xa sexa de forma presencial ou por correo postal, comunicaráselle que a presentación debe facerse por medios electrónicos, considerándose como data de presentación aquela na que teña sido realizada a presentación por tales medios electrónicos, de conformidade co establecido no artigo 68.4 da LPAC. A documentación deberá presentarse **co certificado dixital de representante da entidade**.

b) Declaración do Presidente/a asinada que a entidade non se encontra incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, facendo constar, que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas de reintegro dotras subvencións ou axudas recibidas, conforme aos termos establecidos no artigo 21 do Regulamento da Lei xeral de Subvencións (aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo), non encontrándose suxeita a orde de recuperación pendente, sobre calquera subvención que lle tivera sido outorgada con anterioridade, por calquera tipo de incumprimento de obrigas que lle foran establecidas na concesión.

9.2 Antes do 20 de xaneiro de 2023, deberá presentar:

a) Orixinais de facturas e documentos válidos para acreditar o gasto, que respondan á natureza da actividade subvencionada, por importe, cando menos, da contribución a percibir deste concello, en concepto de segunda achega, acompañadas dun certificado da relación clasificada dos xustificantes de gastos presentados.

b) Declaración do Presidente/a asinada que a entidade non se encontra incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, facendo constar, que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas de reintegro dotras subvencións ou axudas recibidas, conforme aos termos establecidos no artigo 21 do Regulamento da Lei xeral de Subvencións (aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo), non encontrándose suxeita a orde de recuperación pendente, sobre calquera subvención que lle tivera sido outorgada con anterioridade, por calquera tipo de incumprimento de obrigas que lle foran establecidas na concesión.

9.3 Antes do 15 de febreiro de 2023, deberá presentar:

a) Memoria da asociación Sementeira Cambre de 2022 asinada, das actividades xustificativas do cumprimento do obxecto da subvención, aprobada polo órgano competente da entidade, que deberá incluír como mínimo:

- Memoria final do curso escolar 2021/2022 (xaneiro a xuño 2022) relativa ás asignaturas que se impartiron e ao alumnado: número total de prazas escolares cubertas e número de alumnos da

escola, así como unha estatística comprensiva de todos os alumnos relativa ao municipios de procedencia.

- Datos xerais da escola de xaneiro a xuño do ano 2022: Organigrama do persoal e relación das actividades formativas indicando para cada unha delas os seguintes datos: profesor/es, día e horario/s, e número de participantes; así como para as disciplinas colectivas e outros datos que se estimen de interese.
- Memoria inicial do curso escolar 2022/2023 (setembro a decembro 2022) relativa ás asignaturas que se están a impartir e ao alumnado: número total de prazas escolares cubertas e número de alumnos da escola, así como unha estatística comprensiva de todos os alumnos relativa ao municipio de procedencia.
- Datos xerais da escola de setembro a decembro 2022 e cambios acaecidos: Organigrama do persoal e relación das actividades formativas indicando para cada unha delas os seguintes datos: profesor/es, día e horario/s, e número de participantes; así como para as disciplinas colectivas e outros datos que se estimen de interese.
- Actuacións artísticas realizadas polo alumnado, pola Banda de Musica e demais formacións musicais (coro, grupo de instrumentos tradicionais) e mención especial de calquera outra actividade extraordinaria realizada durante o ano 2022 por calquera deles.

b) Memoria anual da xestión económica asinada da Asociación do ano 2022, aprobada polo órgano competente da entidade.

c) Certificado asinado polo presidente/a e o secretario/a da entidade, de ingresos, no que se detallan as subvencións ou axudas solicitadas e/ou concedidas e/ou pagadas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, ou ben, certificado de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

Cando as actividades fosen financiadas, ademais de con subvencións, con fondos propios ou outros recursos, deberá detallarse no certificado o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

d) Certificado asinado polo/a presidente/a e o secretario/a da entidade, da relación clasificada dos gastos anuais da actividade, con identificación do acredor (razón social e CIF/NIF) e documento (tipo de documento e número), concepto detallado do gasto, importe líquido e bruto, e data de emisión.

A entidade deberá contar cun Rexistro cronolóxico de cobros e pagos que inclúan debidamente identificados, entre outros, os relativos a actividade obxecto de financiamento no presente convenio, tendo os efectos previstos no artigo 17.3 h) da Lei xeral de subvencións e no artigo 11. f) e g) da Lei de subvencións de Galicia, ademais daqueles libros e rexistros contables que as normas que lle sexan de aplicación no ámbito contable establezan.

A entidade destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

e) Orixinais de facturas e documentos válidos para acreditar o gasto realizado na anualidade, e que respondan á natureza da actividade subvencionada, por importe mínimo de 70.000,00 euros, tendo en conta que o coeficiente de financiamento establecido no presente convenio é do 0,9.

Os gastos de persoal haberán de xustificarse necesariamente mediante nómina dos traballadores.

f) Declaración do presidente/a asinada de que a entidade non se encontra incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, facendo constar, que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas de reintegro dotras subvencións ou axudas recibidas, conforme aos termos establecidos no artigo 21 do Regulamento da Lei xeral de Subvencións (aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo), non encontrándose suxeita a orde de recuperación pendente, sobre calquera subvención que lle tivera sido outorgada con anterioridade, por calquera tipo de incumprimento de obrigas que lle foran establecidas na concesión.

Se non se xustifica totalmente o orzamento subvencionado de 70.000,00 euros pero está acreditado que a finalidade básica da subvención se cumpriu, o importe inicialmente concedido reducirase mediante a aplicación do coeficiente efectivamente xustifico. Enténdese que a finalidade básica da subvención se cumpriu se se realizaron, polo menos, o 75 por 100 das actividades previstas e presupostadas no convenio a excepción das que non se poideran realizar debido a posibles restricións dictadas polas autoridades competentes. En caso contrario, entenderase que a finalidade básica non se cumpriu, polo que non se aboará ningunha cantidade sen prexuízo das posibles sancións ou reintegros que resulten de aplicación.

Coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 30.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, antes de presentar o orixinal da factura deberá estenderse nel, unha dilixencia na que se faga constar que a factura se utilizou como xustificantes de gasto para a obtención dunha subvención do Concello de Cambre.

No caso de presentar declaración de axudas doutros organismos, as facturas xustificativas a presentar deberán ser, cando menos, da suma das cantidades percibidas.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal cantidade que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

As facturas deberán especificar de forma detallada, o número e concepto dos servizos prestados ou do material adquirido, os prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificante de gasto, as facturas nas que non se detallen os anteditos aspectos.

O pagos deberán realizarse a través de entidade financeira, salvo os de escasa contía (ata 150,00 euros), que poderán realizarse en efectivo, sempre e cando se xustifique a imposibilidade de efectuar o aboamento por distinto medio de pago e o gasto total xustifico non supere o 20% do importe adxudicado. En todo caso o importe total do gasto xustifico en efectivo non poderá superar os 2.000,00 euros. Poderá empregarse como medio de pago a transferencia bancaria, tarxeta de crédito ou débito, cheque nominativo ou calquera outro medio que permita deixar

constancia do importe, data de pago e perceptor dos fondos. Deberá acreditarse o pagamento dos gastos xustificativos unha vez aboada a subvención, segundo o previsto no apartado 9.4

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbidas respondan á natureza da actividade subvencionada, e teñan relación directa co obxecto que se subvenciona. Non se consideran gastos subvencionables os importes aboados ao concello de Cambre en concepto de tributos ou demais ingresos de dereito público.

g) Dado que as actividades obxecto do convenio implican contacto habitual con menores, a entidade deberá comprobar que as persoas ou persoal ao seu cargo non foron condenados por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, (de acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de axuízamento civil), presentando Declaración do/a presidente/a da entidade do cumprimento de dita obriga.

h) Acreditación da publicidade dada a subvención percibida en todos os soportes divulgativos (blog, páx. web, folletos divulgativos dixitais, notas de prensa, presentación pública dos actos, etc). Nos soportes divulgativos da escola de música deberá constar a lenda "Subvenciona Concello de Cambre" ademais do logo do Concello.

Finalizado o prazo sen que a entidade presentase a documentación xustificativa do cumprimento do obxecto do convenio, o departamento de Cultura requiriralle para que no prazo improrrogable de quince días, presente a xustificación correspondente. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional levará consigo a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións, incluída a obriga de reintegro do importe da subvención previamente percibido, mais os xuros de mora que correspondan.

9.4 Acreditará ante este Concello o destino dos fondos recibidos no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao pagamento da terceira achega da subvención, mediante a presentación de:

1.- Certificado asinado polo/a presidente/a e tesoureiro/a da entidade que conteña a relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do documento e acreedor, importe, concepto, data de emisión, así como a data de pago e medio de pago. Xunto a este certificado achegaránse os documentos bancarios que acrediten o pago dos xustificantes incluídos na relación clasificada de gastos da actividade, se os mesmos non obrasen no expediente.

O pagos deberán realizarse a través de entidade financeira, salvo os de escasa contía (ata 150,00 euros), que poderán realizarse en efectivo, sempre e cando se xustifique a imposibilidade de efectuar o aboamento por distinto medio de pago e o gasto total xustificado non supere o 20% do importe adxudicado. En todo caso o importe total do gasto xustificado en efectivo non poderá superar os 2.000,00 euros. Deberá empregarse como medio de pago a transferencia bancaria, tarxeta de crédito ou débito, cheque nominativo ou calquera outro medio que permita deixar constancia do importe, data de pago e perceptor dos fondos.

O certificado deberá acreditar o pago de facturas por un importe mínimo do orzamento que se ha de xustificar, e debe referirse a facturas e xustificantes de gasto válidos contidos na conta xustificativa presentada.

No caso de presentar declaración de axudas doutros organismos que esixan o pagamento a través de entidade financeira, o certificado deberá acreditar o pago de facturas cando menos, da suma das cantidades percibidas. Para a comprobación desta condición deberá achegar as bases da convocatoria ou o convenio asinado.

2.- Acreditación da data de ingreso da subvención municipal.

A falta de acreditación no prazo establecido ou en forma non adecuada segundo o disposto no presente convenio, conllevará que o dito gasto se considere como non válido para os efectos de xustificación da subvención e dará lugar a obriga de reintegro do importe da subvención previamente percibido.

10.- Someterase ás actuacións de comprobación e control que os órganos competentes do Concello consideren oportuno realizar, a través dos seus servizos técnicos, respecto do cumprimento dos seus compromisos, así como do emprego dos fondos percibidos, aportando canta información sexa requirida.

## **SEGUNDA: COMPROMISOS DO CONCELLO DE CAMBRE**

Este concello comprométese a:

1.- Financiar os gastos correntes de mantemento, das actividades da escola e das agrupacións afeccionadas da escola de música da entidade Sementeira Cambre, cunha achega anual de de sesenta e tres mil euros (63.000,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2022 334 48901.

2.- Facer efectiva a subvención municipal da seguinte forma:

2.1. Unha primeira achega de 50.000,00 euros, logo da sinatura do convenio e da presentación da documentación referida na cláusula primeira, apartado 9.1, a proposta do órgano xestor trala valoración positiva do cumprimento do obxecto do convenio.

2.2. Unha segunda achega de 6.500,00 euros, logo da presentación da documentación referida na cláusula primeira, apartado 9.2., a proposta do órgano xestor trala valoración positiva do cumprimento do obxecto do convenio.

2.3. Unha terceira achega de 6.500,00 euros, logo da presentación da documentación referida na cláusula primeira, apartado 9.3.

Presentada a documentación acreditativa do cumprimento do obxecto do convenio pola entidade, o órgano competente valorará se se cumpriu a finalidade da subvención.

A Área de Cultura, Deportes e Xuventude elevará á alcaldía proposta de aprobación da mesma para o abono de cada unha das achegas, e unha vez aprobada mediante resolución a xustificación presentada pola entidade, aboarase mediante transferencia bancaria.



De non xustificar adecuadamente a totalidade dalgunha das achegas, o concello procederá a realizar a contribución de forma proporcional á cantidade xustificada. En todo caso, se a primeira ou segunda achega se abonase de forma parcial, por falta de acreditación de gastos suficientes pola entidade, a terceira achega poderá aboarse por importe superior ata acadar o importe total da subvención municipal de 63.000,00 euros.

De non ser posible o recoñecemento da obriga a prol da entidade no exercicio 2022, as achegas municipais quedan condicionadas a existencia de crédito no orzamento xeral do exercicio 2023.

A suma das cantidades percibidas ou comprometidas por parte doutros organismos públicos ou privados para a mesma finalidade non poderá ser superior ao custo das actividades obxecto do convenio. Neste suposto reduciríase proporcionalmente a achega municipal.

Establécese un coeficiente máximo de financiamento do 0,9 do custe do obxecto a subvencionar segundo o establecido polo 32 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

3.- Colaborar na promoción e difusión do folleto informativo das actividades da escola e nas actividades dos seus grupos artísticos afeccionados.

### **TERCEIRA: REINTEGRO DE FONDOS**

Establécese a obriga por parte da asociación Sementeira Cambre de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión e, en todo caso, nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 e nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO**

O presente convenio de colaboración subscribíse para a promoción musical durante o exercicio 2022, cun período de vixencia do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2022.

### **QUINTA: OUTRAS DISPOSICIÓNS**

Para o non previsto neste convenio será de aplicación o disposto no título V das bases de execución do orzamento municipal para o 2022, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia e demais normativa administrativa reguladora das axudas e subvencións públicas.

De mutuo acordo poderanse introducir modificacións no convenio e denuncialo por calquera das partes cunha antelación mínima de un mes antes da finalización do ano natural.

## **SEXTA: CONFORMIDADE COAS CLÁUSULAS**

Ambas partes mostran neste momento a súa conformidade co contido das cláusulas expostas no corpo do presente escrito, comprometéndose a levar a cabo cantas obrigas se deriven ata o seu total cumprimento e finalización.

## **SÉTIMA: EIDO DA APLICACIÓN**

O presente convenio queda fóra do ámbito do Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sen prexuízo da aplicación dos principios da lexislación contractual para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar, ao abeiro do establecido polo art. 4 da lei.

Non obstante este convenio ten carácter administrativo quedando as partes que o subscriben suxeitas á xurisdición contencioso - administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

## **OITAVA: INCORPORACIÓN AO REXISTRO PUBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

E para que conste unha vez lido integramente este documento, os outorgantes afirmanse e ratifícanse no exposto, asinando mediante sinatura electrónica recoñecida, acreditativa da integridade do documento asinado así como da data e hora da sinatura.

O alcalde

Óscar A. García Patiño

A presidenta en funcións

María Beatriz Riveiro Barciela

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo